

*Palabras do noso Bispo no Consello de Presbiterio o día 10 de xullo de 2018:*

Á luz da exhortación apostólica *Evangelii Gaudium*, a nosa Diocese quere iniciar un proxecto de RENOVACIÓN PASTORAL, a partir dun órgano de máximo goberno diocesano como é o Consello de Presbiterio.

Esta reflexión ocupará a oración e esforzos da nosa Diocese nos próximos anos. Non se trata dunha cuestión meramente organizativa ou funcional. Do que se trata é de responder con fidelidade á transmisión do Evanxeo. Por tanto, está en xogo o noso ministerio, a nosa fraternidade sacerdotal, a renovación da fe.

Para iso, a nós correspóndenos o que o Señor nos pide agora. O mañán é obra do Espírito do Pai.

O punto de partida ha de comezar polo traballo realizado no último Sínodo diocesano. Tras unha lectura serena e sosegada da nosa Diocese, habemos de ser capaces de establecer un diálogo sincero na unidade. A través do camiño da caridade habemos de emprender xuntos un diálogo aberto e fraternal. Emprender o estilo sinodal ao que frecuentemente nos convida o Papa Francisco.

Bispo de Tui Vigo